



Prezadas familias.

No actual escenario de alta circulación viral, a Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial vén de publicar os novos protocolos de xestión epidemiolóxica nos centros educativos, cuxos principais aspectos resumiremos a continuación.

Convidámosvos, polo tanto, a prestar especial atención á posible aparición de síntomas e recordámosvos a necesidade de manter a precaución evitando que calquera alumno/a acuda ao centro con síntomas.

Principais novidades do protocolo:

CASOS POSITIVOS (PCR, TEST ANTÍXENOS..)	CONTACTOS ESTREITOS
<b>Definición:</b> Calquera persoa con diagnóstico positivo de COVID. <b>As probas automáticas non precisarán ningunha proba adicional para confirmar o caso.</b>	<b>Definición:</b> Calquera persoa que levase máis de 15 minutos sen máscara e a menos de 2 metros dun positivo nas 48 horas anteriores á aparición da enfermidade (inicio dos síntomas ou tomando unha mostra para a proba diagnóstica).
<b>Se dá positivo con proba realizada na casa:</b> Trasladar este positivo a sanidade a través do centro de saúde, farmacia, aplicación informática do SERGAS ou chamando ao telf. <b>881 540 045</b>	<b>Pauta de actuación:</b> <b>Personal e estudantes de 12 ou máis anos:</b> Non terán que poñerse en corentena, <b>salvo as persoas que non estean vacinadas con pauta completa.</b> <b>Alumnado menor de 12 anos contacto no centro:</b> Non terán que poñerse en corentena, <b>independentemente de que estean ou non vacinados.</b> Poderanse considerar medidas excepcionais no caso de que na mesma aula se confirmen 5 ou máis casos de infección activa durante 7 días ou un 20% do alumnado da aula ou de espazos específicos (comedor, transporte...). De darse esta situación Sanidade fará o estudo do brote para tomar decisións )probas, cuarentenas...)
<b>Pauta de actuación:</b> Deberá <u>permanecer 7 días en illamento</u> . Os tres seguintes deberanse extremar as precaucións (mascarilla, distancia, evitar aglomeracións...)	<b>Alumnado menor de 12 anos contacto fóra do centro:</b> Seguirán a norma xeral. Terán que facer proba e de saír positivo farán cuarentena.
<b>Seguimento:</b> Non haberá seguimento telefónico por parte das autoridades sanitarias	<b>Seguimento:</b> Non haberá seguimento telefónico por parte das autoridades sanitarias. Se se considera necesario un PCR, Sanidade enviará a cita directamente ao móbil a través de SMS. Recoméndase manter unha vixilancia activa para a aparición de posibles síntomas nos días posteriores ao contacto.
<b>Reincorporación:</b> Transcorrido este tempo, e sempre que non presentase síntomas nos últimos 3 días, pódese volver ao centro, aínda que se recomenda ter especial coidado durante os 3 días seguintes e reducir as interaccións sociais. <b>Non se aconsella presenza no comedor escolar nos 3 días de especial coidado.</b> <b>Non se requirirá ningunha proba para a súa reincorporación.</b>	<b>Reincorporación:</b> Inmediata, <b>excepto para as persoas de 12 anos ou máis sen o calendario completo de vacinación</b>

Lembrámoslle que co novo protocolo as PCR están a facerse a partir do 5º día

No caso de aparición de casos "esporádicos" (menos de 5 nunha aula) o centro avisará igualmente ás familias do alumnado que sexa contacto estreito para que aumenten a vixilancia ante a aparición de síntomas e extremen as precaucións.

Lembrámosvos que para calquera dúbida que poida xurdir, estamos sempre á súa disposición en [ceip.pedraio.laracha@edu.xunta.es](mailto:ceip.pedraio.laracha@edu.xunta.es)

Reciba un saúdo.

EQUIPO DIRECTIVO



## TEST DE SALIVA

A Xunta de Galicia con motivo da volta ás aulas no medio dunha onda de covid vai poñer a disposición dos centros test de saliva que o **alumnado de primaria** poderá realizar voluntariamente no seu domicilio no caso que na súa aula aparezan varios casos positivos e sexa un posible contacto estreito.

Este sistema de detección estará dispoñible durante un período estimado correspondente ás dúas primeiras semanas da volta ás aulas logo das vacacións navideñas, o que corresponde ao período máximo de incubación de 14 días da covid, quedando aberta a posibilidade a súa ampliación.

Repartiranse directamente nos centros educativos, proporcionándolle a cada un deles o número de tests equivalente ao 25% do seu alumnado de 5 a 11 anos. Empregarase baixo a supervisión do coordinador educovid do centro na aparición de casos esporádicos (1-4 casos), **para poder testear aos nenos e nenas máis próximos aos casos positivos que poidan xurdir** e que non signifiquen a clausura da aula. **No caso de gromo intervirá a Dirección Xeral de Saúde Pública.**

Compre sinalar que os nenos e nenas candidatos á realización destes test defínense por unha serie de características que marca Saúde Pública en base á situación epidemiolóxica actual.

## COMO TOMAR A MOSTRA

A toma de mostra e a técnica diagnóstica será realizada no domicilio do alumno. Antes de comezar a proba, hai que asegurarse de que o neno ou nena non coma, beba, cepille os dentes nin mascara chicle polo menos 30 minutos antes da recolección da saliva. Así mesmo, non se deixará caer o hisopo nin depositalo sobre ningunha superficie. O cativo deberá respirar profundamente e logo tuser de 3 a 5 veces nun pano desbotable. A recollida dunha mostra de saliva pode tomar de 2 a 5 minutos.

Todos os nenos ou nenas que obteñan un resultado positivo na proba de antíxenos de autodiagnóstico serán considerados directamente como caso confirmado, polo tanto, deberán seguir as medidas de illamento. O caso confirmado sempre deberá cumprir as indicacións dos profesionais sanitarios que se encarguen do seu seguimento clínico. Coa fin de realizar o seguimento e estudo do caso confirmado, a persoa responsable do neno ou nena deberá notificar o positivo á Saúde Pública a través do formulario de [declaración responsable de autotest positivo](#) (Accedese a él metendo este epígrafe no buscador), **dispoñible na páxina web do coronavirus, ou chamar ao 881 540 045.** A Xunta remarca que en ningún caso notificaranse os resultados negativos.

Como indica o protocolo de educación, calquera persoa con resultado positivo deberá informar ao centro educativo desta circunstancia.

Un saúdo

A Dirección